



Teoloxía da galegitude matricial

Pedro Castelao¹

1.- A condición de posibilidade e a tese do ensaio

Se ben é certo que o «obxecto» propio da teoloxía é Deus, non o é menos que, en certo sentido, tamén o pode ser todo o relacionado con El. A teoloxía é a exposición metódica dos contidos da fe cristiá, a argumentación pública que testemuña e a razón cordial daquilo que a Igrexa confesa como verdadeiro no seu credo dominical².

Comeza esa confesión de fe coa creación absoluta de todo canto existe e remata coa esperanza da vida eterna, alén da morte das persoas e da eventual destrución completa do universo. Non hai, xa que logo, ningunha realidade que, concibida como realidade *creada*, non sexa susceptible, en principio, de ser posta baixo a luz omnicompreensiva do divino que traspasa o imperio horizontal do tempo.

Vistas así, tamén as realidades temporais poden ser «obxectos» da teoloxía, por canto nelas se substancia, como fundamento absoluto e derradeiro fin, a propia acción creadora de Deus. Todo pode ser enxergado en perspectiva teolóxica, porque nada hai deixado da súa man impulsora e sustentadora.

1 Pedro Castelao é o director da revista Encrucillada. É doutor en Teoloxía e licenciado en Filosofía, e imparte clases de Antropoloxía Teolóxica na U. Pontificia Comillas.

2 Cfr. P. TILlich, *Teología sistemática*, vol. I, Sígueme, Salamanca, 1981, 46.

Neste sentido creo que hai algo permanentemente certo na intuición hegeliana que descobre razón, sentido e vontade na efectividade pura do acontecer do ser, en tanto en canto unha comprensión teolóxica da auténtica esencia das figuras creadas e da súa historia implica necesariamente a pregunta por Deus e pola providencia e, xa que logo, polo seu modo de relación coa autonomía de toda a creación³.

O que agora, porén, interesa resaltar é que é perfectamente posible, polo menos en principio, desenvolver unha reflexión teolóxica sobre realidades mundanas, tanto na súa dimensión persoal coma na súa eventual dimensión comunitaria. A esta luz debe ser

3 Nesta reflexión tamén están incluídas as nacións. Cfr. G. W. F. HEGEL, *Líneas fundamentales de la filosofía del derecho*, (trad. e notas de M.^a del Carmen Paredes Martín), Editorial Gredos, Madrid, 2010, 21: «Lo que es racional, eso es efectivamente real; y lo que es efectivamente real, eso es racional». A mesma formulación aparece, tamén, no §6 de G. W. F. HEGEL, *Enciclopedia de las Ciencias Filosóficas [1830]*, Abada, Madrid, 2017, 124-128, esp. 127. É certo que a pregunta polo mal e a barbarie da historia supoñen unha grecha de coherencia no sistema de Hegel, pero creo que, malia todo, a intuición xerminal que orixina o seu adaxio é filosófica e teoloxicamente verdadeira. Di Ramón Valls Plana: «La aclaración sobre lo que Hegel entiende por *realidad efectiva*, [...] tiene su importancia porque trata de disipar los equívocos que habían suscitado ya en la época las dos líneas del Prólogo a la *Filosofía del Derecho* que ahí se citan y que los liliputienses de siempre repiten incansablemente como refutación definitiva del hegelismo. ¿Cómo se atreve a decir, proclaman ellos, que *todo lo real es racional*, si vemos cada día que el mundo está lleno de monstruosidades? Tal refutación es inane, sin embargo, porque *Hegel no legitima como racionales todas las realidades de este mundo*. Hegel no era tan tonto ni los liliputienses tan listos». Hegel refírese expresamente á realidade efectiva (*Wirklichkeit*) das cousas que, como se sabe, é filosoficamente diferente da súa mera realidade (*Realität*). Cfr. R. VALLS PLANA, *Comentario integral a la Enciclopedia de las ciencias filosóficas de G. W. F. Hegel (1830)*, Abada, Madrid, 2018, 33-34, esp. 34: «El atleta corre mejor que el cojo, por ejemplo, porque su cuerpo (su existencia) es como debe ser (adecuado a su esencia). Las realidades efectivas son *idea en el mundo* según el modo de hablar de Hegel. Y éstas son precisamente de las que se ocupa la Filosofía porque son las que valen realmente la pena. Son efectivas o eficaces porque las sostiene una estructura racional sólida que Hegel llama *concepto*». Habería que dicir, pois, en favor de Hegel, que as monstruosidades da existencia non poden ser concibidas como pertencentes á realidade efectiva da que el predica a súa teolóxica e providencial racionalidade. A existencia de pobos e nacións tamén pode atopar o seu sitio na configuración esencial da realidade, malia ao perigo terrible de *totalitarismo*, en canto que patriotismo ou nacionalismo insolidario, divinizado e opresor do que máis adiante falaremos. Ese perigo non revela a esencia das nacións, senón a súa deformación.

comprendido todo canto se diga, a continuación, sobre a teoloxía da galegitude⁴.

A tese que quixera manter neste traballo é dual.

Pola banda da sociedade civil, non creo posible unha construción convincente e sólida dun proxecto político, económico, cultural e lingüístico para a Galicia do século XXI que ignore, marxine ou negue o factor relixioso na identidade colectiva de Galicia. Porque un galeguismo realmente actual, inclusivo, sensible ás diferenzas que reivindicán os movementos feministas, ecoloxistas, raciais e altermundistas, non pode seguir arrastrando inercias anticlericais e antirrelixiosas que revelan un fondo descoñecemento da relixión en xeral e do cristianismo en particular. Un descoñecemento, en concreto, da dimensión de verticalidade transcendente que é esencial a todo ser humano e que conforma un dos piares fundamentais da identidade de Galicia ao longo dos séculos.

Ao mesmo tempo, pola banda da Igrexa, non creo posible un anuncio convincente e sólido do Evanxeo para os galegos e as galegas do século XXI que ignore, marxine ou negue o galeguismo entendido como recoñecemento e estima pola propia historia, o propio territorio, a propia cultura e a propia lingua que conforman a identidade colectiva de Galicia. Porque un cristianismo realmente actual, de Igrexa en saída, sensible ás feridas que sofren os grupos máis desfavorecidos, descartados e amolados, non pode seguir arrastrando inercias diglósicas e antigalegas que revelan un fondo descoñecemento da realidade integral deste singular pobo de Deus. Un descoñecemento, en concreto, da particularidade hori-

4 Cfr. A. TORRES QUEIRUGA, «Nota pra unha teoloxía do galeguismo»: *Grial* 9 (1965) 304-310; *IB.*, «Reflexións teolóxicas sobre o nacionalismo»: *Encrucillada* 2 (1977) 37-52; *IB.*, «Pensa-la Igrexa galega»: *Encrucillada* 6 (1978) 3-9; X. A. MIGUÉLEZ, «O amor político, desafío aos cristiáns»: *Encrucillada* 1 (1977) 31-41; *IB.*, «Fe e galegitude»: *Encrucillada* 24 (1981) 10-31; X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ, «Igrexa e galeguismo na historia (1840-1923)»: *Encrucillada* 2 (1977) 3-16; X. CHAO REGO, «O nacionalismo na Biblia»: *Encrucillada* 2 (1977) 28-36; *IB.*, «Remoendo a galegitude»: *Encrucillada* 6 (1978) 39-51; X. M. RODRÍGUEZ PAMPÍN, «Cristiáns galegos de militancia nacionalista»: *Encrucillada* 2 (1977) 53-66; V. PÉREZ PRIETO, *Galegos e cristiáns*, Sept, Vigo, 1994; F. CARBALLO, «A Igrexa galega ante o Estatuto de autonomía de 1936»: *Encrucillada* 2 (1977) 17-27,

zontal que é propia do ser de Galicia e sen a cal sempre será imposible unha auténtica e fonda encarnación da mensaxe de Xesús nas terras do noroeste peninsular.

2.- O galeguismo ante a relixión

Sen entrar nas complexas discusións de teoría política sobre a idea de nación, podemos sinalar, de xeito pacífico, que os elementos que parecen facer dunha determinada colectividade humana unha nacionalidade son a historia compartida nun determinado territorio, a cultura creada ao longo do tempo, a lingua utilizada e a relixión vivida⁵. A simple constatación dunha historia propia, dunha cultura identificable, dunha lingua de seu e dunha determinada configuración relixiosa da existencia colectiva fai que, ao meu ver, sexa obvio poder afirmar que Galicia é, certamente, unha nación. Unha nación, actualmente dentro de España. Unha nación sen estado propio, pero unha nación, á fin de contas⁶.

Que entendemos, porén, por galeguismo? Distingamos primeiramente dous sinxelos planos de galegitude: a administrativa e a persoal.

É evidente que a galegitude do rexistro civil non é a que agora nos interesa. Interésanos, pola contra, o proceso persoal de integración e vivencia polo cal alguén toma conciencia explícita de habitar en galego no mundo. Vivir en galego a propia vida non

5 Cfr. A. D. SMITH, *Nacionalismo y modernidad. Un estudio crítico de las teorías recientes sobre naciones y nacionalismo*, Istmo, Tres Cantos, 2000; A. HASTINGS, *La construcción de las nacionalidades*, Cambridge University Press, Madrid, 2000; Y. TAMIR, *El porqué del nacionalismo*, Barlin Libros, Valencia, 2021; J. G. BERAMENDI, *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Xerais, Vigo, 2007; R. MÁIZ, *A idea de nación*, Xerais, Vigo, 1997. No aspecto relixioso fai especial fincapé o ensaio de A. HASTINGS. Máis crítico, en xeral, amósase R. L. BLANCO VALDÉS, *Nacionalidades históricas y regiones sin historia. A propósito de la obsesión ruritana*, Alianza, Madrid, 2005.

6 Sobre o carácter nacional dos pobos, en relación coa Doutrina Social da Igrexa, sustentado, sobre todo, na lingua e na cultura, particularmente centrado en Hungría e nas nacións do leste de Europa, cfr. P. ERDÓ, «Identidad nacional, identidad eclesial», en: E. BENAVENT VIDAL, J. PULIDO ARIERO (eds.), *La Iglesia, Pueblo de Dios entre las naciones*, Edice, Madrid, 2020, 199-215.

se esgota nin se limita ao uso e desfrute da lingua orixinaria de Galicia. É moito máis. Significa formar parte dunha determinada *Weltanschauung* que implica a asunción íntegra dunha historia compartida, dun territorio habitado, dunha cultura desenvolvida, dunha lingua cultivada e dunha tradición relixiosa milenaria⁷.

Esa asunción persoal nada ten que ver cunha deglutición non crítica de todo canto nos antecede. Ao contrario, cun galeguismo san é perfectamente compatible –mesmo esixido por el– unha recepción porosa da tradición que, ao mesmo tempo que acolle, tamén filtra e discirne valores a estimar e vicios a evitar, en procesos críticos que reclaman coñecemento, fondura e ponderación. Este proceso debe ser aplicado a todos os elementos básicos desta *galeguidade matricial*, relixión incluída. Logo veremos o porqué.

Polo de agora cómpre subliñar algo no que en moitas ocasións non se repara. Isto que aquí chamamos *galeguidade matricial*, e que, como vemos, pide consciencia, maduración e integración persoal, é un elemento prepolítico vinculado á dignidade e á afouteza⁸.

En primeiro lugar, á dignidade. O galeguismo, neste sentido básico e fundamental, debería ser o lugar de encontro pacífico, obvio, natural e non discutido por todas aquelas persoas, asociacións, grupos de comunicación, grandes e pequenas empresas e por todos aqueles partidos políticos que buscan un papel protagonista na vida colectiva de Galicia. Creo non equivocarme ao identificar o soño e o proxecto de homes como Ramón Piñeiro na galeguización sincera e fonda dos alicerces de todos os sectores da sociedade galega ata a súa mesma cerna. Lamentablemente, ao

7 Cfr. X. CHAO REGO, *Eu renazo galego. Ensaio sobre a identidade galega*, Edicións do Castro, Sada, 1983; ID., *Para comprendermos Galicia*, Galaxia, Vigo, 1988; X. L. BARREIRO RIVAS, *A terra quere pobo*, Galaxia, Vigo, 2004; M. CABADA CASTRO, *Galicia. Raíces e compromiso*, Ir indo, Vigo, 2015.

8 Concibir a *galeguidade matricial* como un elemento «prepolítico» significa pensala, en canto tal, como previa e antecedente a calquera posición partidista posterior, pero non implica, de ningunha maneira, privar a galeguidade da súa necesaria e posterior concreción política expresa. É pre-política, non a-política.

meu ver, malia o amplo e xeneroso labor feito, a realidade actual de Galicia está lonxe aínda deste ideal fundamental⁹.

É precisamente aquí onde, probablemente, se ve vulnerada a condición máis básica da dignidade propia dun pobo cunha historia, un territorio, unha cultura, unha lingua e unha tradición relixiosa de seu como Galicia. Esta dignidade fundamental debería concretarse en algo tan elemental como esa dose vital de autoestima que precisa calquera realidade existente para poder vivir minimamente en paz consigo mesma.

O problema de Galicia empeza aquí, pois, ao estar desprovista socialmente deste básico amor de si, vive colectivamente insegura de si mesma, mesmo avergoñada, alienada e escindida no seu máis íntimo ser, incapaz de situarse con serenidade e en pé de igualdade no concerto das nacións do mundo. Como nunha perenne petición de perdón por ser como é. Como nunha continua incerteza pendente de heterónoma aprobación. Como nunha envolvente atmosfera de menosprezo e de odio de si que envexa o que os outros son e desexa ocultar ou disimular quen xenuinamente é. Entenderase que con estas duras afirmacións non me refiro ao todo do espírito de Galicia –inzado, tamén, dun evidente pulo de resistencia centenaria– senón a tendencias seculares da nosa sociedade que, porén, están aínda ben lonxe de ter desaparecido.

Por iso mesmo, a *galegitude matricial* require reconciliación. Sandar feridas centenarias, recuperar a historia esquecida, dignificar a cultura depreciada, elevar de estrato os horizontes da lingua propia, actualizar, reformular e repensar a fondo a tradición relixiosa. É, certamente, unha cuestión de dignidade, pero tamén, como acabo de apuntar, de afouteza.

9 Cfr. X. ALONSO MONTERO, *Ramón Piñeiro ou a reinvenção da cultura galega*, Galaxia, Vigo, 2009; M. BARROS, *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*, 2 vols, Galaxia, Vigo, 2009; X. P. RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, «Diccionario» *Ramón Piñeiro*, TresCtres, Santiago de Compostela, 2009; R. PIÑEIRO, *Da miña acordanza*, Galaxia, Vigo, 2002; C. CASARES, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*, Galaxia, Vigo, 2005; R. PIÑEIRO, *Olladas no futuro*, Galaxia, Vigo, 1974; R. PIÑEIRO, *A linguaxe e as línguas*, Galaxia, Vigo, 2007; C. FERNÁNDEZ, *O vento do espírito. De Vicente Risco a Ramón Piñeiro*, Galaxia, Vigo, 2000.

De feito, o galeguismo prepolítico esixe un compromiso persoal que, primeiramente, supón un combate rexo e sen cuartel con un mesmo. A forza dos prexuízos, das convencións sociais, de determinadas inercias familiares, a influencia dos medios, da moda, en definitiva, a forza torrencial do *mainstream*, dificultan enormemente a coherencia efectiva coas propias decisións tomadas no proceso de galeguización consciente. Precísase afouteza para resistir, para permanecerse fiel a si mesmo facendo oídos xordos aos cantos de serea que nos incitan á cómoda deserción.

O que dicimos na dimensión persoal é perfectamente aplicable á nosa vida colectiva: dignidade e afouteza. Sobre todo, para ser firmes, tamén, ante o atractivo daquelas forzas centrípetas que, con potentísimos altofalantes nos medios, proxectan unha visión de España nunha crecente tensión territorial, na que propoñen varrer completamente o eido das autonomías, a fin de regresar a unha uniformidade política, administrativa, cultural e lingüística na que se dilúan todas as características diferenciais que enriquecen os pobos da península.

En estreita relación con isto debemos dicir, igualmente, que, no eido público, a *galeguidade matricial* ou o galeguismo preparitario debería estar á marxe de toda polémica política partidista. As diferentes e lexítimas opcións políticas deberían ter un enraizamento previo no territorio, na cultura, na lingua e na tradición relixiosa de Galicia como condición de posibilidade básica do que, nun segundo momento, debería constituír o seu particular proxecto de sociedade e o seu propio soño de país. Os cidadáns deberíamos ter a posibilidade de poder escoller entre ideoloxías liberais, socialistas, socialdemócratas, comunistas, conservadoras, autonomistas, federalistas, independentistas ou centralistas, con toda a liberdade que permiten as regras básicas dun estado democrático, dando por feito que todas as opcións políticas que buscan representación parlamentaria en Galicia comparten como algo indiscutido o que aquí estamos chamando *galeguidade matricial* ou galeguismo prepolítico: amor ao propio con dignidade e afouteza.

A experiencia ensínanos que non é así. E é de lamentar, porque mesmo aqueles que lexitimamente consideran, por exemplo, que o mellor marco político democrático para Galicia se identifica co grao de autonomía que nos recoñece o actual Estatuto –en unión indivisible co resto do Estado Español– deberían pronunciarse politicamente a favor de todas aquelas realidades que favorecen o desenvolvemento do noso territorio, da nosa cultura, da nosa lingua e do noso medio ambiente con independencia da opción política concreta que representen. É dicir, deberían poñer por diante a dignidade e a afouteza propias do galeguismo prepolítico antes ca ordes estratéxicas de autoridades estatais ás que, na realidade, pouco lles importa Galicia.

En relación co carácter *a priori* e totalizador desta *galeguidade matricial* está, tamén, a cuestión da relixión. Por que debería ser importante para o galeguismo do século XXI contar cordial e abertamente co factor relixioso indubidablemente presente na historia e no presente de Galicia?

Porque, saíbao ou non, sexa consciente ou non, ninguén vive sen algún tipo de vivencia relixiosa. Cando falo de relixión non me refiro, agora, ás grandes tradicións. Falo dela nun senso previo e máis fundamental. Enténdoa como esa dimensión de fondura vertical que nos fai ver a vida como un misterio perpetuo. Como esa aptitude que se encarna na capacidade de introspección e se envorca cara a fóra na posibilidade de marabillarnos, por exemplo, do simple e mero feito de ser que ten o universo. A relixión como a competencia que nos habilita para enxergar a transparencia de nós mesmos e da realidade en relación co seu último fundamento. Ou, cando menos, coa pregunta por el. Refírome, pois, á relixión como apertura e naturalidade co infinito absoluto, con aquel ben supremo que sufrimos ausente ante a presenza do mal no mundo e cuxo carácter definitivo botamos en falta nos momentos de gozo e felicidade que sempre acaban rematando¹⁰.

10 Cfr. A. TORRES QUEIRUGA, *Para unha filosofía da saudade*, Trasalba, 2003.

Mesmo os que se din ateos, indiferentes ou agnósticos, experimentan, ao seu xeito, esta dimensión de fondura vertical¹¹. De feito, tamén teñen as súas propias crenzas respecto de Deus, da vida e do alén. Porque é unha torpeza identificar univocamente a relixión co cristianismo, de igual modo que é un erro identificar a galegitude cunha determinada e única opción partidista. Do mesmo xeito que hai que recoñecer un fondo de *galegitude matricial* –de radical importancia antecedente na configuración política da sociedade galega– tamén hai que recoñecer a existencia dunha dimensión de apertura á transcendencia nos individuos e nas nacións, sen a cal, no noso caso, non se comprende nada da alma ou do espírito colectivo de Galicia.

Todos e todas cremos algo respecto da vida, da morte ou do alén. Creremos que a vida ten sentido ou que carece del; que a morte é a fin definitiva ou que é un tránsito a un mundo mellor; que hai vida eterna ou que non hai nada; que a xustiza é inmortal ou un mero invento humano; que Deus existe ou que é unha creación imaxinaria. Sexan dun signo ou doutro, son todas crenzas. E todas son relixiosas, se, como aquí facemos, concibimos basicamente a relixión como aquilo que dá contido á nosa particular vivencia da dimensión vertical da existencia. A esta luz entenderase que poidamos soste que non hai persoas que *non crean* nin sociedades completamente obturadas a esta dimensión relixiosa fundamental.

Neste sentido podemos dicir que Galicia é unha nación fundamentalmente relixiosa, pois en todos os períodos da súa historia viviu sempre colectivamente cunha forte, explícita e creativa consciencia da transcendencia da vida e cunha rexa e decidida vocación imaxinativa da interacción íntima entre o aquén e o alén. Lonxe de percibir esta dimensión de verticalidade e transcendencia como un

11 Cfr. SUSO DE TORO, *Humildar. Rituais despois de Deus*, Xerais, Vigo, 2017; ID., «Inciación á humillación»: *Encrucillada* 208 (2018) 78-81; P. CASTELAO, «En diálogo con Suso de Toro a propósito de *Humildar. Rituais despois de Deus*»: *Encrucillada* 208 (2018) 82-93; SUSO DE TORO, «Dialogar non debiera ser difícil»: *Encrucillada* 209 (2018) 65-72; P. CASTELAO, «Dialogar sempre é posible. Continuación da conversa con Suso de Toro»: *Encrucillada* 209 (2018) 73-82.

atavismo de vergoña que un galeguismo actual debería esquecer e superar, cómpre enxergar esta singular dimensión, que aflora tan doadamente na epiderme colectiva de Galicia, como un símbolo ben significativo que pode poñer Galicia en consonancia coa vangarda das culturas europeas, ao facerse nela evidente que o substrato relixioso dos pobos é consubstancial ao seu ser colectivo, de igual xeito que a dimensión relixiosa da existencia é consubstancial a cada persoa. Desmentiríase así ese falso prexuízo contra a relixión que, desde a modernidade, tanto se estendeu por occidente: que a relixión é froito da superstición e do escurantismo, e o desenvolvemento e o progreso dos pobos acabaría por desterrala definitivamente¹². Un galeguismo actualizado debe superar clixés trasnoitados respecto de moitos asuntos, pero, especialmente, débeo facer respecto da relixión.

Pero máis aló dos debates teóricos e mesmo da posición intelectual de cada suxeito, o que aquí é aínda máis importante é o que poderíamos chamar a *relixión vivida* na subconsciencia do cotiá, a configuración práctica da existencia que xira, efectivamente, arredor dun determinado absoluto que, porén, pode revestir múltiples rostros que, na maioría dos casos, rara vez se recoñecen como tal. Esta relixión vivida –que case nunca se ve a si mesma coma relixión– ten o seu núcleo esencial nos inevitables procesos de divinización.

Que son os procesos de divinización? Xoán Calvino formulouno con clarividencia dicindo algo similar a que o corazón do ser humano é unha continua fábrica de ídolos¹³.

Un proceso de divinización é un movemento interno do espírito polo cal unha realidade do mundo é entronizada como divina na práctica da vida. É dicir, é divinizada esixindo tributos de submisión, obediencia, entrega e adoración.

12 Cfr. P. BERGER, «Las religiones en la era de la globalización»: *Iglesia Viva* 218 (2004) 69-78.

13 J. CALVINO, *Institución de la religión cristiana*, 2 vols., Fundación Editorial de Literatura Reformada, Países Bajos, 1981, 56: «el ingenio del hombre no es otra cosa que un perpetuo taller para fabricar ídolos».

Na recente historia do século pasado temos exemplos especialmente evidentes: un partido político, unha idea filosófica, un líder carismático, unha raza superior, un libro inspirado ou calquera outra realidade humana, ocuparon nas décadas pasadas o lugar do Deus de Xesús Cristo en moitos lugares do mundo¹⁴. No nacionalsocialismo da Alemaña nazi, no comunismo totalitario de Stalin ou no capitalismo neoliberal de occidente. A barbarie e as nefastas consecuencias destes procesos son mundialmente coñecidas.

O ser humano diviniza sempre e non pode non facelo. O consumo, o lecer, a saúde, a riqueza, a honra, o prestixio, o poder, o diñeiro, o aspecto físico, o benestar, a independencia ou calquera outro tipo de concreción pode ser hoxe inconsciente e implicitamente divinizada na nosa vida individual ou colectiva facéndonos xirar arredor dela e polarizando horarios, relacións, prioridades, desexos, pensamentos e vontades dun xeito total e absoluto. Porque non hai ser humano nin sociedade nin nación que poidan vivir sen encher o seu infinito baleiro con algo. E a ese algo acabamos por darlle todo¹⁵.

Como todas as realidades do mundo, tamén, xa que logo, a *galegitude matricial* ou o galeguismo prepolítico poden ser obxecto dunha inadecuada divinización que perverta o seu lexítimo reclamo de dignidade e afouteza en superioridade insolidaria e en egoísmo rapaz. Ao meu ver, non é este un perigo próximo ao espírito actual de Galicia –tan necesitado de impulsos de estímulo e confianza que a ergan dunha secular submisión– pero si o é, na miña opinión, no caso doutros pobos da península, como Catalunya e Euskadi, e

14 Cfr. P. TILICH, «Das Dämonische: Ein Beitrag zur Sinndeutung der Geschichte (1926)»: *MainWorks/Hauptwerke*, vol. 5, De Gruyter, Berlin/New York, 1988, 99-123.

15 G. LIPOVETSKY, *La felicidad paradójica. Ensayo sobre la sociedad de hiperconsumo*, Anagrama, Barcelona, 2014⁵, 33: «El hecho es trivial: conforme nuestras sociedades se enriquecen, aparecen sin cesar nuevos anhelos consumistas. Cuanto más se consume, más se quiere consumir: la época de la abundancia es inseparable de la hinchazón indefinida de la esfera de las satisfacciones anheladas y de la incapacidad para calmar el hambre de consumo, ya que a la satisfacción de una necesidad le siguen inmediatamente nuevas demandas».

mesmo no caso do nacionalismo centralista español¹⁶. Baste unicamente con sinalar, en xeral, o perigo que ten *todo* nacionalismo de perverter o seu fondo auténtico ata a barbarie máis repugnante¹⁷.

A cuestión que aquí nos interesa concrétese en que o galeguismo do século XXI non pode ignorar, marxinar ou negar a dimensión relixiosa dos galegos e das galegas so pena de tallar unha parte básica da complexidade do seu ser. Coma se a relixión fose unicamente un asunto privado sen dereito de palabra e presenza na esfera pública. Ao contrario: a relixión é un asunto persoal, pero non privado. É unha realidade social e, polo tanto, tamén é e debe ser pública. Sobre todo, nunha sociedade aberta e democrática coma a que temos que seguir construíndo na Galicia do futuro.

3.- A relixión ante o galeguismo

Se a *galegitude matricial* ou o galeguismo prepolítico do século XXI é quen de voar fóra da gaiola antirrelixiosa na que o pretenden

16 Cfr. P. CASTELAO, «Diez tesis teológicas sobre el proceso de independencia de Catalunya»: https://www.religiondigital.org/opinion/Pedro-Castelao-teologicas-independencia-Catalunya_0_1946505355.html; ID., «Catalunya no es la asignatura pendiente»: https://www.religiondigital.org/opinion/Pedro-Castelao-independencia-rollo-quimera_0_1945605465.html; J. L. MARTÍNEZ, «Los derechos de los pueblos y el arte de construir 'pueblo': planteamiento desde la Doctrina Social de la Iglesia», en: E. BENAVENT VIDAL, J. PULIDO ARRIERO (eds.), *La Iglesia, Pueblo de Dios entre las naciones*, Edice, Madrid, 2020, 129-181.

17 Insisto en que, cando falo deste perigo do nacionalismo, non estou pensando unicamente nos periféricos, senón en *todo* nacionalismo, incluíndo, por suposto, o nacionalismo recentemente resucitado por partidos de extrema dereita como Vox. Cfr. P. ERDÓ, «Identidad nacional, identidad eclesial», en: E. BENAVENT VIDAL, J. PULIDO ARRIERO (eds.), *La Iglesia, Pueblo de Dios entre las naciones*, Edice, Madrid, 2020, 199-215, esp. 205; «De acuerdo con nuestra misma fe afirmamos, sin embargo, que ninguna nación, ninguna ideología, ninguna organización humana puede considerarse como valor supremo y no puede ocupar el puesto que corresponde solo al Dios único y omnipotente». Cfr. A. TORRES QUEIRUGA, «Reflexións teolóxicas sobre o nacionalismo»: *Encrucillada* 2 (1977) 37-52, esp. 44-45: «Como toda realidade humana profunda, o nacionalismo ten a súa ambigüidade. [...] Existe un perigo evidente de se afirmar particularística ou aínda agresivamente fronte aos demais: ficar hipnotizados polas propias preocupacións ou presos nos propios egoísmos. Non resulta difícil prever a tendencia a substituír o unitario centralismo «central» por unha pluralidade de centralismos «periféricos»; sobre todo, claro está, naqueles puntos onde a forza económica e política permitan imporse sobre dos demais».

encerrar os inxustos prexuízos amentados –por máis que non se poida eximir a Igrexa de toda culpa na súa cristalización–, verase con máis claridade que a relación entre galeguidade e cristianismo non é, por suposto, obrigatoria para ninguén, pero si que pode ser unha posibilidade perfectamente lexítima para quen así a estime no futuro que temos por diante.

O lugar propio do cristianismo e a súa pretensión de ser a vivencia máis acaída da dimensión relixiosa da existencia –segundo a lóxica do Evanxeo e no ronsel da tradición cristiá– aparece agora máis nitidamente no fondo común da amentada apertura á transcendencia propia de toda dimensión relixiosa, concibida como aquilo que enche de contido a verticalidade transcendente da vida e que se amosa sempre activa –e ambigua– en todo proceso de divinización consciente ou inconsciente.

As iniciais oscilacións relixiosas da historia de Galicia –con ese fondo de paganismo mil veces subliñado– adquiren agora a posibilidade de ser novamente interpretadas ao seren comprendidas como lexítimas variacións de segunda orde na complexa e plurifactorial concreción confesional desa básica e fundamental dimensión relixiosa da que vimos falando.

O paganismo prerrománico, as tensións priscilianistas, as correccións dos rústicos, os sínodos de Braga, a «invención» do Libredón e o longo etcétera que prolonga ata o día de hoxe a milenaria historia da relixión en Galicia, amosa que o cristianismo entroncou paseniñamente, ao longo dos séculos, pero de xeito moi efectivo, cunha dimensión fundamental de transcendencia que non en todas as nacións europeas é tan visible e epidérmica¹⁸.

Pero en Galicia si.

Porque en Galicia non se pode prescindir impunemente do factor relixioso en xeral, nin do cristianismo en particular, pois do contrario, o galeguismo que de aí resulte, talvez, naza algo

18 Cfr. J. GARCÍA ORO, M. REGAL LEDO, A. LÓPEZ RIVAS, *Historia da Igrexa galega*, Sept, Vigo, 1994; F. CARBALLO, *A Igrexa galega*, A Nosa Terra, Vigo, 1995.

eivado e sen capacidade real para conectar coa totalidade da sociedade galega, especialmente coa maioritaria nas clases populares, tanto do interior como da Galicia costeira. Será esta –o carácter antirrelixioso, anticlerical ou indiferente de moitos galeguistas actuais– unha das razóns polas cales a recuperación, xa na democracia, do ideario galeguista nos partidos nacionalistas galegos non acaba de ser completamente permeábel a toda a poboación, posto que aínda se percibe como un froito de círculos universitarios e progresistas con nulas ou resentidas concepcións da relixión?

Afirmei antes que un galeguismo san implica e mesmo esixe non só unha recepción porosa da tradición precedente, senón tamén un proceso crítico de deglutición no que se discirna e se filtre o que debe ser conservado e potenciado daquilo outro que debe ser definitivamente abandonado. E incluía neste proceso particularmente a relixión. Por que esta énfase especial na posta ao día da relixión –traballo que corresponde prioritariamente á Igrexa– como factor estrutural do *galeguismo matricial* do século XXI?

Pois porque é evidente na xestión do territorio, na comprensión e na interpretación da historia, na actualización continua da lingua, na adaptación da cultura aos novos desafíos –por exemplo, do mundo dixital– pero en raras ocasións se cae na conta de que tamén a relixión en xeral e o cristianismo en particular precisan, necesaria e inevitablemente, igual grao de correlación, flexibilidade e renovación ca estes outros eidos decisivos en cuxo conxunto se conforma toda realidade nacional da nosa terra.

O cristianismo é a relixión maioritaria en Galicia desde tempos inmemoriais. Pero é un erro identificar o cristianismo cunha realidade meramente pretérita coma se fose un simple refugallo de idades históricas xa superadas. O cristianismo é a lexítima confesión pública de que o crucificado, Xesús de Nazaret, é o Cristo de Deus, o mesías, o unxido, o voceiro dun Pai que nos amosa coa totalidade da súa vida o amor infinito e eterno en que Deus mesmo consiste. Esta nuclear confesión de fe conforma a cerna esencial de toda evanxelización en todo tempo e lugar e, xa que

logo, posúe pola súa propia natureza un carácter inmutable sen o cal non se pode falar de cristianismo. O cal non quere dicir que os imperativos coetáneos da historia, da cultura, do tempo, do espazo, das filosofías e das outras relixións non esixan un labor de permanente diálogo e de continuo afondamento nesa verdade esencial que, porén, unha e outra vez, debe ser perennemente formulada e actualizada.

De feito, suposta esta vinculante ancoraxe histórica do cristianismo –que non ten no seu centro unha idea, un programa, un libro, unha doutrina, uns dogmas, senón unha persoa– a historia concreta da Igrexa non é máis ca o froito da interacción constante coa amplísima diversidade de cosmovisións e civilizacións nas que, desde os seus comezos, o cristianismo se foi facendo significativo, fecundando culturas, orientando nacións, creando universidades, facendo hospitais, atendendo os pobres, promovendo linguas, consolidando gramáticas e superando fronteiras nunha expansión universal extraordinariamente feliz.

A ninguén se lle escapa que a ambigüidade de todos os fenómenos humanos fai que se arrastre sombra con cada luz que se acende. A historia da Igrexa non é unha excepción ao respecto e, por iso, concomitante á dimensión luminosa que acabo de referir, habería que amentar unha ampla zona de escuridade que tamén forma parte do cristianismo.

É coñecido o longo memorial de agravios do que é acusada a Igrexa e nada hai máis perigoso para ela que a tentación de negalo ou de ocultalo. O único que cabe é a recepción crítica dun pasado común que a todos nos pertence filtrando e discernindo o que se debe conservar e transmitir, e o que se debe rexeitar e non volver repetir.

Por exemplo, a vergoña criminal da pederastia, fenómeno este que non estando unicamente presente dentro da Igrexa é percibido socialmente, de xeito maioritario, como un fenómeno singularmente eclesial. Hai aquí moito de inxusto, pero peor sería a negación, a ocultación, ou dar a sensación de que, recoñe-

cendo que a súa presenza é sociolóxica e estatisticamente máis numerosa no eido familiar, quixésemos dar a impresión de que alixeiramos o peso da propia culpa. En absoluto, pero as cousas como son¹⁹.

Con todo, é evidente que da autenticidade cordial, aberta e transparente deste proceso de cribado e de purificación dependerá en boa medida a integridade, a fiabilidade e, sobre todo, a autenticidade da misión evanxelizadora das comunidades cristiás. E isto tamén é válido para Galicia. Unha Igrexa que non é crítica e construtivamente consciente do seu pasado máis antigo e máis recente, está absolutamente incapacitada para facerse cargo do seu presente. E, por suposto, para soñar calquera tipo de futuro.

Por iso é tan necesario que a Igrexa galega faga memoria da súa relación coa historia de Galicia, co seu territorio, coa súa cultura, coa súa lingua, con todos aqueles que viviron apaixonadamente a *galegitude matricial* para ver como se relacionou ata o presente con este anaco de realidade creada que é o pobo galego. Debemos filtrar e discernir que se fixo ben e que se fixo mal. E isto conforme a criterios netamente evanxélicos²⁰.

Por exemplo, respecto da lingua²¹: é posible que aínda hoxe – polo menos ata hai ben pouco– sexa máis doado asistir en determinadas parroquias de Galicia a unha misa en latín, segundo o

19 Cfr. a correspondencia entre o cardeal Marx e o papa Francisco e as atinadas reflexións de M. Regal a este respecto no punto 4 da Rolda de Igrexa neste mesmo número.

20 Cfr. P. ERDÓ, «Identidad nacional, identidad eclesial», en: E. BENAVENT VIDAL, J. PULIDO ARRIERO (eds.), *La Iglesia, Pueblo de Dios entre las naciones*, Edice, Madrid, 2020, 199-215, esp. 204-205: «En una visión teológica católica podemos decir que precisamente por la Sagrada Escritura sabemos que Dios cuida –además de las personas individuales– también de los pueblos en su integridad. Por eso apreciamos las naciones y las culturas, cuya multiplicidad pertenece a la riqueza del mundo creado. Por eso mismo, como cristianos, podemos considerar como un precioso valor nuestra propia nación, pero por el mismo motivo debemos respetar y apreciar también a otros pueblos».

21 Cfr. H. MONTEAGUDO, *As razón do galego. Apelo á cidadanía*, Galaxia, Vigo, 2009. Cfr. a atinada reflexión, sobre as linguas de España, de J. CERCAS, «Lo uno y lo diverso»: <https://elpais.com/eps/2021-09-19/lo-uno-y-lo-diverso.html>.

rito do misal de san Pío V, ca a unha misa en galego?²² É posible que todo canto se afirmou no Concilio Pastoral de Galicia non teña ningún tipo de presenza –absolutamente ningunha– no proceso de formación dos seminaristas das dioceses galegas?²³ É posible que non se perciba como un signo evidentísimo da mundanidade espiritual que denuncia o papa Francisco a reiteración de inercias diglósicas que perpetúan un estado de degradación do galego en favor dunha suposta superioridade social do castelán? É posible que aínda hoxe non estean doadamente dispoñibles en galego todos os libros litúrxicos que se deberían utilizar nas parroquias? É posible que este labor de galeguización unicamente estea sendo promovido de corazón por iniciativas particulares –e absolutamente de balde– como *Fagamos Igrexa Galega*, *Irimia*, *SEPT* ou –permítaseme a mención– a propia Asociación *Encrucillada*?

Non salta á vista aquí un fallo estrutural na dinámica da evanxelización na que a Igrexa galega se esquece das condicións básicas da *encarnación*? Non é un signo evidente disto a falta, por exemplo, dunha Facultade de teoloxía que concentre todos os seminaristas de toda Galicia, estea aberta aos leigos de todas as dioceses e fertilice os esforzos docentes e investigadores dos profesores de teoloxía da nosa terra, tan pouco coordinados en proxectos de investigación realmente transformadores da nosa común realidade eclesial? Recoñezamos que hai talento, pero, tamén, que está negligentemente desaproveitado.

Se, como xa quedou dito, entendemos a *galeguidade matricial* como o simple recoñecemento e a estima pola propia historia, polo propio territorio, pola propia cultura e pola propia lingua que conforman a identidade colectiva de Galicia, que obstáculo relixioso, teolóxico ou eclesial impide unha simbiose confiada, intensa e

22 Ata antes do 16 de xullo de 2021, data na que o papa Francisco promulgou o *Motu Proprio Traditionis Custodes* que restrinxiu enormemente o uso deste tipo de celebracións antes autorizadas por Bieito XVI en *Summorum Pontificum* en 2007. Cfr. novamente o punto 6 da Rolda de Igrexa deste número.

23 Cfr. P. CASTELAO, X. M. CAAMAÑO, «O Concilio Pastoral de Galicia. Unha visión 'nova'»: *Encrucillada* 147 (2006) 54-69.

fecunda entre o cristianismo e o galeguismo prepolítico que estamos estudando?

O perigo de politización partidista, dirán algúns.

Non será ao contrario? Non haberá, pola contra, unha ilexítima politización inconsciente –pero extraordinariamente reactiva e ríxida– nos que cren ver unicamente influxos políticos partidistas en todo esforzo eclesial que traballa pola inculturización do cristianismo en Galicia, pero son completamente cegos á politización que neles mesmos uniforma e centraliza como único criterio de comuñón e de unidade?

Súcédelles a moitos curas e bispos non nados en Galicia que exercen ou exerceron aquí o seu ministerio ou o seu episcopado, pero, lamentablemente, tamén lles sucede a outros curas e bispos nados e criados aquí. Aínda que non a todos, a Deus grazas.

4.- A modo de conclusión

Desde un punto de vista teolóxico, que comprenda a totalidade do que existe como *creación* de Deus e sexa consciente da fondura que implica realmente a *encarnación*, podemos dicir que nada hai que se opoña a considerar a pluralidade das nacións do mundo e especialmente as máis pequenas como unha riqueza que fecunda, adorna e mellora o conxunto da creación²⁴.

Por iso, non queda fóra de lugar recordar que a Doutrina Social da Igrexa non só reconece dereitos ás persoas, de xeito indivi-

24 Cfr. P. ERDÓ, «Identidad nacional, identidad eclesial», en: E. BENAVENT VIDAL, J. PULIDO ARRIERO (eds.), *La Iglesia, Pueblo de Dios entre las naciones*, Edice, Madrid, 2020, 199-215, esp. 205-206: «Tras la caída del muro de Berlín, sin embargo, han comenzado a llegar de los centros de occidente algunas voces que afirmaban como oportuno que las pequeñas naciones y las lenguas poco extendidas de la Europa centro-oriental dejaran de existir, por ser ya superfluas. No obstante, tales sugerencias, especialmente si vienen de extraños, no parece que sean muy cristianas, dado que las culturas humanas, las tradiciones que forman una comunidad con sus propias experiencias históricas, pertenecen a la riqueza de la creación al menos tanto, si no mucho más, que las diversas especies de animales y plantas que merecen cuidado, respeto y aprecio».

dual, senón tamén aos pobos, ás nacións, ás sociedades nas que os individuos desenvolven conxuntamente a súa identidade colectiva. E de aí que, logo de todo o antedito, poidamos recordar o inicialmente amentado axioma hegeliano que nos posibilitaba enxergar o discorrer global da humanidade descubriendo na súa *realidade efectiva* (*Wirklichkeit*) a fasquía particular da historia de cada pobo, de cada nación, en canto que conforme coa razón profunda que impulsa, sostén e consuma a historia do universo. Non é ilexítimo recoñecer aí a transparencia da acción divina, por canto potencia, posibilita e realiza en plenitude todo canto de bo e saudable hai na súa creación. Facendo posible e sustentando, de modo dialéctico, a súa propia autonomía. Facendo a creación máis ela mesma en canto que máis próxima está do Creador²⁵. É perfectamente lexítimo este recoñecemento teolóxico se temos coitado especulativo para discernir na historia das nacións os perigos de barbarie totalitaria que diviniza indebidamente calquera tipo de realidade mundana e acaba por perverter o que, precisamente, quería salvagardar.

Nos momentos nos que unha determinada nación viva sometida ou esquecida de si, a iluminación teolóxica do cristianismo tomará a forma do impulso profético da liberación. Nos momentos contrarios, deberá denunciar e combater as dinámicas de insolidariedade colectiva e o perigo de idolatría da súa propia nación. Só así logrará ser sempre voz dos sen voz²⁶.

25 Cfr. K. RAHNER, *Curso fundamental sobre la fe*, Herder, Barcelona, 1989, 268.

26 Por iso son hoxe, ao meu ver, tan diferentes os casos de Galicia, o País Vasco e Catalunya. E por iso esixen hoxe concrecións teolóxicas e cristiás ben distintas. De perdón, paz e reconciliación no País Vasco. De solidariedade e legalidade en Catalunya. E de dignidade e afouteza en Galicia. Estimulando un nacionalismo transversal aquí, en tanto traduca en política concreta a *galeguidade matricial*. Combatendo os excesos criminais do nacionalismo etarra e do relato que o lexítima en Euskadi. E denunciando as iniciativas ilegais, a insolidariedade e ese aldraxante aire de superioridade do nacionalismo catalán, tan presente nos sectores máis ricos e privilexiados de Catalunya. Se isto as diferencia, as tres nacionalidades históricas únense, que dúbida cabe, ante as tendencias ilexítimas dun nacionalismo centralista redivivo por uniformar e negar a pluralidade efectiva dos pobos de España. Coma se a unidade, por principio, non se puidese conciliar coa diversidade.

Á luz do que antecede poderíamos concluír afirmando que, no fondo, a nosa esperanza, respecto de Galicia, consiste en que nun futuro non moi afastado sexa posible aquí unha vivencia fonda do cristianismo en clave galega, de modo que ningún cristián, galeguista convencido, se sinta en terra allea nas comunidades eclesiais nas que celebre a súa fe.

E ao mesmo tempo, tamén, en que ningún galego, cristián convencido, se sinta excluído ou marxinado na vivencia fonda da súa *galeguidade matricial* polo mero feito de confesarse relixioso, membro da Igrexa e seguidor de Xesús Cristo.

En suma: que ser galeguista non signifique negar a relixión e que ser relixioso non implique renegar de Galicia. En principio, a síntese parece posible. Porén, recoñezamos que, polo de agora, aínda estamos en camiño e, segundo parece, algo afastados deste desexable punto de destino.

Pedro Castelao